



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta por escrito relativas a los problemas de acceso a atención presencial en los CAISS de Galicia, especialmente en A Coruña.**

Las dificultades para conseguir una cita en los Centros de Atención e Información de la Seguridad Social (CAISS) en Galicia vienen de lejos, de tal forma que se está impidiendo a la ciudadanía recibir orientación o realizar los trámites precisos en relación con las pensiones de jubilación, las prestaciones por cuidado de menores o adopción, las bajas laborales y las pensiones por incapacidad permanente, el IMV, las pensiones de viudedad, orfandad y otras.

Así, las oficinas de la Seguridad Social deberán asegurar una atención ágil; sin embargo, en Galicia, y especialmente en las distintas oficinas de A Coruña, sigue siendo casi imposible ser atendido de forma presencial. La atención sin cita previa sigue dificultándose y, en caso de intentar concertar una cita previa, las personas usuarias se enfrentan a la realidad de que no existen citas disponibles en las oficinas próximas ni en las de referencia para su domicilio. Así, por ejemplo, en el mes de abril, la única oficina con citas disponibles era la de Melide, y ya no hay ninguna disponible para el mes de mayo.

Resulta intolerable exigir a las personas usuarias, muchas de ellas de avanzada edad, con dificultades de movilidad o sin medios de transporte particulares disponibles, que se desplacen desde comarcas como Bergantiños o la Costa da Morte hasta lugares distantes y sin conexiones de transporte colectivo directas.

Desde las organizaciones sindicales y de consumidores se apunta que la principal causa de este colapso es la falta de personal, sumada al elevado volumen de expedientes en marcha y al incremento de servicios a prestar. En definitiva, los cuadros de personal no están adaptados numéricamente para atender las necesidades del servicio, demostrándose claramente insuficientes, por lo que es preciso incrementar el personal disponible y garantizar una atención ágil y digna para las personas usuarias.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas dirigidas al



Gobierno:

1. ¿Es conocedor el Ministerio de Seguridad Social de las largas listas de espera y de las dificultades para obtener cita en los CAISS de Galicia?
2. ¿Confirma el Ministerio que ya no quedan citas disponibles en la mayor parte de los centros de A Coruña para los meses de abril y mayo?
3. ¿Dispone de estadísticas o datos sobre el tiempo medio de espera en Galicia y en A Coruña?
4. ¿Cuáles considera el Ministerio de Seguridad Social que son las causas de los problemas para obtener citas en los CAISS de Galicia, en concreto en los situados en A Coruña, para realizar trámites presenciales de tanta importancia como las pensiones de jubilación, el IMV, las prestaciones por cuidado de menores, las pensiones de incapacidad, entre otras?
5. ¿Considera normal que los ciudadanos tengan que recorrer distancias de más de 70 kilómetros desde su lugar de residencia para acudir a los únicos centros con plazas disponibles en A Coruña?
6. ¿A qué se deben los retrasos en la atención que en la ciudad de A Coruña superan la media de 17 días?
7. ¿Puede informar sobre los cuadros de personal en los CAISS de la provincia de A Coruña? ¿Existen plazas sin cubrir? ¿Comparte que es necesario reforzar el personal?
8. ¿Qué medidas va a adoptar para aumentar el personal de forma suficiente en estas oficinas y atender a la población en tiempo y forma, ofreciendo una atención de calidad?
9. ¿Cuándo se va a materializar el compromiso anunciado de eliminar la obligación de cita previa para la atención presencial en la Seguridad Social y en el resto de la Administración General del Estado?

En Madrid, a 21 de abril de 2026

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

21 ABR. 2026 12:52:55

Entrada **111738**

Sobre os graves problemas para o acceso a atención presencial nos CAISS da Galiza

Competencia
Tipo Expediente

Otros Expedientes
300-Escrito en lengua
española distinta del
castellano, oficial en
Comunidad Autónoma (art.
92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas aos problemas para o acceso a atención presencial nos CAISS da Galiza, especialmente na Coruña.**

As dificultades para acceder a unha cita nos Centros de Atención e Información da Seguridade Social (CAISS) na Galiza veñen de lonxe, de forma que se está a impedir á cidadanía recibir orientación ou realizar os trámites precisos en relación coas pensións de xubilación, as prestacións por coidado de menores ou adopción, as baixas laborais e pensións por incapacidade permanente, o IMV, pensións de viuvez, orfandade e outras.

Así, as oficinas da Seguranza Social deberan asegurar unha atención áxil, porén, na Galiza, e especialmente nas distintas oficinas da Coruña, segue sendo case imposible ser atendido de forma presencial. A atención sen cita previa segue dificultándose e, no caso de tentar concertar unha cita previa, as persoas usuarias enfréntase á realidade de que non existen citas dispoñíbeis nas oficinas próximas ou de referencia para o seu domicilio. Así, por exemplo, no mes de abril, a única oficina con citas dispoñíbeis era a de Melide, e xa non hai ningunha dispoñíbel para o mes de maio.

Resulta intolerábel exixir ás persoas usuarias, moitas delas persoas de avanzada idade, con dificultades de movemento ou sen medios de transporte particular dispoñíbeis, exixirlles que se despracen desde comarcas como Bergantiños ou a Costa da Morte até lugares distantes e sen conexións de transporte colectivo directo.

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

21 ABR. 2026 12:52:55

Entrada **111738**



Desde as organizacións sindicais e organizacións de consumidores apúntase que a principal causa deste colapso é a falta de persoal sumado ao elevado volume de expedientes en marcha e ao incremento de servizos a prestar. En definitiva, os cadros de persoal non están adaptados numericamente para atender as necesidades do servizo, demostrándose claramente insuficientes, polo que é preciso incrementar o persoal dispoñíbel e garantir unha atención áxil e digna para as persoas usuarias.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. É coñecedor o Ministerio de Seguranza social da longas listas de agarda e das dificultades para obter cita nos CAISS na Galiza?
2. Confirma o Ministerio que xa non quedan citas dispoñíbeis na maior parte dos centros da Coruña para o mes de abril maio?
3. Dispón de estatísticas ou datos sobre o tempo medio de agarda na Galiza e na Coruña?
4. Cales considera o Ministerio de Seguranza Social que son as causas dos problemas para obter citas nos CAISS da Galiza, en concreto nos situados na Coruña, para realizar trámites presencias de tanta importancia como as pensións de xubilación, o IMV, prestacións por coidado de menores, pensións de incapacidade, entre outras?
5. Considera normal que os cidadáns teñan que percorrer distancias de máis de 70 quilómetros desde o seu lugar de residencia para acudir aos únicos centros con prazas dispoñíbeis na Coruña?
6. A que se deben os retrasos na atención que na cidade da Coruña superan a media de 17 días?



7. Pode informar dos cadros de persoal nos CAISS da provincia da Coruña? Existen prazas sen cubrir? Comparte que é preciso o reforzamento do persoal?
8. Que medidas vai adoptar para aumentar o persoal de forma suficiente nestas oficinas e atender á poboación en tempo e forma, ofrecendo unha atención de calidade?
9. Cando vai materializar o compromiso anunciado de eliminar a obriga de cita previa para a atención presencial na Seguranza Social e no resto da Administración Xeral do Estado?

Madrid, a 21 de abril de 2026

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso